



AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA O ALMACENAMENTO DE RESIDUOS

OBXECTO

Solicitar a ampliación de prazo para o almacenamento de residuos, tanto para xestores como para produtores

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde do 7 de xullo do 2020 pola que se habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto do órgano competente en materia de calidade ambiental e cambio climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Actividades de xestión de residuos:

Servizo de Residuos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

Actividades de produción de residuos:

O Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda o correspondente á provincia onde se sitúe o centro de traballo no que se producen os residuos.

No caso de que a actividade obxecto de notificación se desenvolva en varios centros de traballo situados en diferentes provincias, a tramitación do procedemento corresponderalle á Xefatura Territorial da provincia onde estea domiciliada a empresa. No suposto de que a sede social da empresa se atope fóra de Galicia, o órgano tramitador será o Servizo de Residuos, dentro da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Solicitud de ampliación (**Anexo I**).
- Descrición das condicións de almacenamento de residuos (**Anexo I bis**).
- Acreditación da representación legal da entidade, no caso de persoas xurídicas e sempre que esa información non fora presentada con anterioridade.
- Xustificante de liquidación das taxas administrativas.

OUTROS DOCUMENTOS

- Descrición gráfica das condicións de almacenamento (planos, fotografías...)

FORMULARIOS

- MT201A

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Durante todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade



profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.20

Concepto: Modificación da inscrición por ampliación do prazo de almacenamento de residuos.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021